





RUTA DA AUGA. GUITIRIZ (2)

Adela Leiro, Mon Daporta
Maio 2022



Distancia: uns 14 km (circular)

Dificultade: baixa



Para completarmos a ruta da auga, seguindo en parte o trazado oficial e engadíndolle da nosa colleita uns tramos, e uns km, para facela circular, enfrontamos a segunda parte.

Mais Guitiriz conta a maiores con outros lugares de interese. Algúns para unha camiñada e outros para unha visita de coñecemento ou de lecer: na contorna de Parga podemos camiñar para achegarnos á ferverza da Ruxida, pasando pola Pena Xiboi ao pé da que se atoparon restos da Prehistoria; subir á serra da Cova da Serpe, con cova e lenda; achegarnos á área de lecer de San Xoán, no encoro que abastece á vila; ou á presa de Merra, onde o río de Requeixo, afluente do Parga, e protexido dentro do LIC /ZEC Parga-Ladra-Támoga, cae dun amplo atranco formando unha ferverza nunha contorna excelente para un tempo de lecer.



Ferverza en Sete Muíños
con augas altas

PERCORRIDO

Comezamos na **vila de Guitiriz**. Desde a praza da igrexa baixamos á estrada principal, cruzámola e seguimos pola que se atopa de fronte ata pasarmos a vía do tren, logo collemos o primeiro cruce á esquerda para irmos ao **balneario**, onde podemos coñecer a súa contorna, ver a **fonte de San Xoán**, o manancial do que abrolla a auga que deu nacemento á instalación -recomendada para trastornos hepáticos, gástricos e metabólicos-, gozar das árbores do seu parque e ver a pequena “**mezquita**” que se atopa entre eles. Logo subimos ata a estrada, cruzámola, e seguimos ata a **ponte Veiga** para baixar beira do **río Ladroíl** -aquí río da Veiga, un pouco máis adiante de Sete Muíños e de Escádebas antes de ser nas súas fontes, na Cordal de Montouto, rego do Foxo e rego de Porto Nabeira- para collermos o camiño que o segue e que nos leva ata a **área de Sete Muíños**, un espazo acondicionado para o lecer e o baño nunha contorna con muíños e unha pequena fervenza. Aquí deixamos a ruta oficial para collermos un carreiro, a ruta da Pedra e da Auga, que nos permite seguir remontando o curso do río e gozar do fresco e da sombra que nos ofrecen as árbores, ata a altura de **Escádebas**. Desde alí volvemos pola pista que nos leva a un paso por enriba da autovía, mais antes de cruzala imos á dereita pola vía de servizo para, seguindo o camiño paralelo a autovía, chegar á estrada que vai aos Vilares e cruzala para ir a O Pazo e seguir, pola ruta oficial, ata **Pardiñas** e o balneario onde remata a Ruta da Auga. Logo pola beira da ringleira de casas que limitan o espazo do balneario seguimos unha pista case recta que nos leva á estrada N VI que agora, desde a construción da autovía, soporta moito menos tráfico e, camiñando pola súa berma 1 km longo, volvemos ao centro da vila.



Igrexa de San Xoán de Lagostelle. Aínda que non está na ruta podemos achegarnos desde o centro de Guitiriz.



Se imos a Guitiriz non podemos deixar de probar a súa sonada torta de millo.



Igrexa do Sagrado Corazón de María, no centro de Guitiriz



Parque do balneario de Guitiriz



Fonte do balneario de Guitiriz



Área de lecer de Sete Muíños, no río Escádebas



Fervenza en Sete Muíños



Río Escádebas



Presas no río Escádebas



O balneario de Pardiñas é un establecemento de carácter popular, sen máis instalacións que o edificio no que se atopa a fonte e outro habilitado como cantina. Nel celébrase un famoso festival de música.



Presas e muíño de Merra, no río de Requeixo, en Bascuas, na parroquia de San Salvador de Parga



Fentos e outra vexetación de ribeira no río Escádebas



Isoetes fluitans, un fento acuático pouco común en Galiza, en perigo de extinción.